



Parlamento das Letras: Santiago Lopo

Publicado o [14/05/2013](#)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/05/14/parlamento-das-letras-santiago-lopo/>

Santiago Lopo é un explorador de mundos, un peregrino do espazo tempo e o transvirtual que alimenta a escrita coa grande pregunta: ¿que é o real?

Ese profundar na necesaria parcialidade do que nos é revelado, no insuficiente e inconexo coñecemento da nosa existencia e circunstancia teno levado a defrontar o mundo internetiano e as súas implicaturas fóra das landas de bytes en textos como Game over. Mais esa mesma perentoriedade da implementación do real e da súa comprensión holístico-sociolóxica é a que comparece en Peaxes, aínda que talvez onde espellen optimamente as súas hesitacións sobre o existente, a temporalidade e a identidade sexa na máis recente Hora zulú, un alegado en favor da consciencia vital de integración cósmica, onde se funde poética e matemática, física e ficción para reflectir e amalgamar o subatómico e o sideral, a fractalidade dos universos paralelos e os recursivos multiversos cunha lírica da proporcionalidade do empírico.

Este narrador e tradutor vigués, profesor de francés e excelente coñecedor da realidade francófona e bretoa, tense revelado nos últimos anos como unha das voces máis orixinais do noso panorama literario. As seguintes liñas demostran que é tamén un lúcido analista da súa propia andaina, do contexto no que esta se inscribe e da actualidade da escrita de noso.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os meus primeiros textos están enlatados en celuloide e arquivados nalgún frío almacén que descoñezo: foron traducións de guións de películas, sobre todo series estadounidenses e longametraxes. Os textos traducidos a partir doutra lingua sempre implican algo de creación, por iso os inclúo nesta resposta. A tradución para dobraxe é un mundo moi sacrificado, pero ao mesmo tempo engaiolante. Nesa época tamén traducín para Edicións Xerais dúas novelas curtas do malogrado autor francés Hervé Guibert: *Citomegalovirus* e *O meu criado e mais eu*. Posteriormente empecei a colaborar coa revista *Unión Libre*, realizando artigos da miña colleita e tamén traducións de diversos autores, como Noam Chomsky ou o historiador galo Marc Ferro.

En canto aos textos de creación literaria propia, comecei a publicar en 2006 ao gañar o VI premio de novela por entregas de *La Voz de Galicia* con *Game Over*. En agosto dese mesmo ano a obra apareceu no xornal, a razón dun capítulo diario. Logo, *Game Over* editaríase en 2007 en formato libro na editorial Biblos, grazas ao interese de Tucho Calvo, a quen lle debo moito pola confianza

que depositou en min. A cultura galega ten que estarlle moi agradecida a Biblos polo constante apoio ás autoras e autores novos e pola difusión da nosa literatura.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Polo de agora non me podo queixar, porque todas tiveron unha excelente acollida. *Game Over* (Biblos) e *Peaxes* (Edicións Xerais) xa van pola terceira edición. A última, *Hora zulú* (Editorial Galaxia), está a funcionar moi ben. Só leva uns meses publicada, pero non é descartable que apareza unha segunda edición dentro de pouco. Aproveito para dicir que en *Hora zulú* hai agochado un “ovo de Pascua” relacionado cun enderezo de correo electrónico. Algún ou algunha lectora ousada acabará por descubri-lo...

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

A miúdo escribo polas mañás. A música de fondo axúdame a visualizar escenas, e os estados de ánimo que me crean as cancións transmíttollos aos meus personaxes. Ultimamente adoito poñer algún concerto de Radiohead e deixo voar a imaxinación (aínda que este sexa un blog de letras, recomendo o concerto que fixeron en Saitama, Xapón).

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Ao pé dos bos e xenerosos, das boas e xenerosas. Creo que con Internet é máis complicado impor un canon literario. Algo que agradezo, porque as xerarquías sempre me produciron urticaria.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Nos meus libros sempre busco ser orixinal, tanto na forma coma no contido. Recoñezo que na literatura xa está case todo inventado e ser innovador non é doado. O obxectivo é sorprender e interesar aos meus lectores e lectoras. A estética, a reflexión e a diversión tamén deben estar presentes, ao meu ver, nunha obra literaria.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

É unha pregunta complicada, hai tantas lecturas na vida dunha persoa! Como para a maioría das escritoras e escritores da miña xeración, os textos de Manuel Rivas e de Suso de Toro supuxeron a descuberta da narrativa galega de principios dos 90. Na miña mocidade lía e relía a J. R. R. Tolkien ou a J. D. Salinger... Agora regreso a miúdo á escrita de Eduardo Galeano e *A peste* de Albert Camus encaixaría perfectamente no grave momento que vivimos na actualidade. Sempre me apaixonou *A conxura dos necios* de J. K. Toole e o feito de que a súa nai fose de editorial en editorial co manuscrito despois do suicidio do autor, ata lograr a súa publicación. Nos últimos tempos trato de collerlle o punto a Haruki Murakami. Así mesmo, leo moito ensaio, sobre todo relacionado coa memoria histórica en Galicia e fóra dela. Un bo exemplo pode ser *La Nueve* de Evelyn Mesquida. Tamén gusto moito da banda deseñada, na que, por certo, Galicia é un referente, por calidade e variedade. Cando chego á casa derrotado leo algún número de *Transmetropolitan* e logo xa estou preparado para seguir dando guerra.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Como tradutor de formación, penso que nos falta presenza no exterior, traducións a outras linguas. Deberíamos darnos a coñecer, porque temos moito e moi bo que dicir.

Cando un libro me aburre sempre penso que lle sobran páxinas. Fluxo das descrições barrocas de léxico escuro. Renego dos parágrafos eternos e mal construídos que te acaban asfixiando.

Eses parágrafos que os lectores temos dereito a saltar e dos que Daniel Pennac falou no seu decálogo dos dereitos do lector. Esas liñas, que a maioría de nós evitamos ler, son o que lles sobra ás letras universais e, por conseguinte, ás galegas. E que conste que me gusta Proust, pero aí a cohesión textual é insuperable.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un libro no que conte experiencias das miñas viaxes. Afastarte dos circuítos turísticos tradicionais axuda a reconciliarte coa humanidade e contigo mesmo. Unha viaxe ao exterior sempre é unha viaxe ao noso interior, e canto máis virxe sexa o lugar, moito mellor.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

En xeral, son optimista. Pero como non me considero capaz dunha análise rigorosa, vou responder cunha frase de Jean Cocteau, dicindo que o sistema literario galego é coma a conxugación do verbo amar: o seu pasado non é simple, o seu presente non é máis ca indicativo e o seu futuro sempre é condicional.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Gustárame darche os parabéns polo teu blog e polo esforzo que supón mantelo tan actualizado.